

**Peroliñas engarzadas
cheas de doce de mel.
Nacen cando morre Maio
e cóllense por San Miguel.**



AS UVAS

**Espetadas na barriga
xuntas toman o sol,
unha grea de irmanciñas
todas da mesma cor.**



AS UVAS

**Verde, amarela, encarnada
e da mestura das tres
é a froita que che digo.
A ver se sabes cal é?**



A MAZÁ



**Nazo con sombreiro,
medro con sombreiro
e cando chega o día
marcho... e non o levo.**



A LANDRA



**Aínda que vivo encoiro,
e gardado de paxaros e ratos,
medrei ao sol acochado
nun abrigo de follatos.**



O MILLO

**Aínda que parezo pouco
antes tiven outra vida:
medrei, arrolada no alto,
nun berce de ouro e de espiñas.**



A CASTAÑA



**Fun verde de neno,
de mozo barbón,
malláronme maduro
e hoxe son gran tan só.**



O TRIGO

**Adiviña se é que podés,
se es quen de adiviñar,
que outras catro árbores ,
ademais do eucalipto,
levan no nome as cinco vogais.**



sabugueiro



lamagueiro



salgueiro



nogueira